

# Narrativa

## Escritor, Crítico e Lectora

Fran ALONSO

### 1. Escritor

Cando acabou o seu traballo quedou exhausto. Escritor sentiase canso, fatigado, psicoloxicamente vencido, aínda que unha descoñecida vitalidade, sublime e reponedora coma un almorzo británico. Ile percorría a pel cunha electricidade pracenteira. Sabia de que se trataba. Xa o sentira outras veces: cada vez que remataba un libro. Así que, sen pensalo máis, baixou ao portal cargado co atril e, ali, puxo aos seus folios á disposición dos veciños que quixesen lelo, como facía sempre. Para el, que vivía no segundo, baixar ao portal era un esforzo mínimo. Ademais, o feito de comunicarse coa Comunidade ou, máis ben, de atopar certo eco, aínda que fose mínimo, entre os veciños da Comunidade pareciale un regalo imprescindible para o seu traballo.

Os veciños pronto comenzaron a facerlle comentarios. Primeiro foi Lectora, aquela muller do quinto, amable, boa observadora, quen o felicitou. Logo outros moitos foron dándolle a súa aprobación. Ata o do terceiro, un auténtico bruto, lle deu a entender que lle parecía moi meritorio o moito que escribira, ainda que el non dispuxese de tempo para ler. E non podía evitar que un sorriso de vaidade asomase ao seu rostro cada vez que algún dos veciños lle facía un comentario. Dalgún xeito, sentíase reconecido. O veciño do primeiro, o que se chamaba Crítico, tardou algo máis en darrille a súa contestación. A el, claro, gustáballle ler polo miúdo. Unha noite recibiu a súa chamaña. A verdade é que gabou moito o seu traballo, tiña que recoñecelo. Deulle os seus parabéns. Logo fixolle un par de observacións

sobre o estilo que, ao seu xuízo, sempre é mellorable. E finalmente, sancionoulle unha pequena cuestión de estructura que, segundo dicía, tiña fácil solución. Cando colgou o teléfono, sentiase satisfeito. A valoración que Crítico lle fixera fóra bastante boa e, ao cabo, era o máis esixente de todos os veciños. Xa se via nas reunións da Comunidade. Podía sentirse satisfeito. E ademais aquela observación sobre a estructura era unha cuestión de perspectiva e, en definitiva, Escritor era el non o outro. Non, a decir verdade non lle parecería moi oportuna. Tampouco viña a conto: era unha opción que respondía a certa vontade innovadora que Crítico non comprendía. ¿Como podía el comprender algo así, se non tiña experiencia creadora? E, se o pensaba ben, mesmo algunha das observacións que lle fixera sobre o estilo, estaba fóra de lugar porque, como lle comentara logo a súa muller, ¿acaso ese home vai pretender que escribe mellor ca ti? Escritor sentiuse un tanto decepcionado. Se cadra, aquelas puntualizacións negativas eran o resultado dos confrontamentos da última reunión da Comunidade, cando el, que vivía no segundo, se negara a que Crítico cubrixe con uralita o patio interior. Escritor sospeitaba que Crítico debía estar resentido, e agora, aínda que gardase as apariencias, arremetía como podía contra el na valoración do seu traballo. E menos mal que non podía moito. Decepcionado, Escritor decidiu chamalo para mostrarlle o seu desacordo. Ademais, sospeitaba que na seguinte reunión da Comunidade Crítico ía facer unha valoración do seu libro ante os demais, e a súa opinión sempre era moi tida en conta. Así que decidiu chamalo.

## 2. Crítico

En canto colgou o teléfono. Crítico fixo un xesto de fastidio. Estaba realmente sorprendido. Non o consideraba xusto. Aínda por riba do que lle fixera unha excelente valoración do seu traballo, Escritor, insinúáralle que se sentía molesto por algunhas das súas observacións. Ben pensado, era de esperar que un home coma el tivese tan escaso nivel de auto-crítica. As persoas tan profundamente egocéntricas non aceptan as verdades que danan esa imaxe que crean de si mesmas. De feito, Escritor sempre quería ser o centro da atención, e iso notábase, por exemplo, nas reunións da Comunidade, porque nunca admitía que nou lle desen a razón. Tiña gracia; el, que tratara de facerlle unha crítica equilibrada e ecuánime dun traballo que, por outra banda, lera de vagar; el, que o valorara na súa xusta medida, controlando a súa paixón para non deixarse influenciar pola crecente antipatía que Escritor lle espertaba; agora tiña que soportar os reproches daquel desvariado que se permitía poñer en cuestionamento a súa profesionalidade.

Crítico de ixouse caer sobre o sofá do salón. Sentíase decepcionado. Sempre lle quedaba o consolo de saber que a maior parte dos veciños escoitaba o seu criterio con interese e mesmo se guiaba polas súas opinións á hora de escoller ou rexeitar os traballos de Escritor para as súas lecturas. E a súa esperada voz non só era prestixiosa, senón que tamén tiña capacidade de prestixiar; de aí que Escritor estivese interesado nela e mesmo tentase interferila. Tamén era certo que dar a coñecer a súa opinión ante os demais veciños no ascensor ou nas reunións da Comunidade lle traía algúns problemas con el. O edificio non era tan grande como aparentaba e Escritor e Crítico atopábanse con frecuencia no portal e estaban irremediablemente condenados a convivir demasiado cerca. Cando menos, ata que un dos dous vende-se o piso.

Efectivamente, era certo que nos últimos tempos Crítico sentía por Escritor unha crecente antipatía. A súa forma de actuar, as couzas que lle oira dicir en varias ocasións, a imaxe que daba ante os demais, e mesmo a súa concepción da vida resultábanlle algo repul-

sivas. Sen embargo, el fixera un esforzo de imparcialidade á hora de xular o seu traballo, e mesmo nalgúns aspectos fora xeneroso para contrarrestar esa antipatía. Porque, a fin de contas, o de Escritor era un bo traballo, recoñecido e así Ilo dixerá, pero tampouco se trataba de ningunha xenialidade sen parangón, por moito que el non o aceptase con humildade.

Crítico decidiu que lles daría a súa opinión sincera aos de más veciños ainda que Escritor acabase por lle retirar o saido cando se cruzase con el. Temía que mesmo fose capaz de escribir unha proclama contra el para expoñela no seu atril no portal. Claro que de se atrever a facelo, el non tería ningún inconveniente en deixar claro nas súas críticas a clase de individuo que era.

Pero, ben pensado meditou estomballándose no sofá— era improbable que iso sucedese. A fin de contas, non podían esquecer que eran dúas caras da mesma moeda.

---

## 3. Lectora

Lectora asomouse á ventá. Estaba anoitecendo e a cidade quedaba en sombras. Había un anaquillo acababa de rematar a lectura do traballo de Escritor, o veciño do segundo, e dáballe moita rabia: ¡pasárao tan ben! Ademais, cando alguéun conseguía metela dentro dunha historia, ao chegar ao final sempre sentía que algo íntimo e gozoso se lle acababa para sempre.

Ainda que virá os folios no atril do portal, léraos, sobre todo, porque Crítico, o veciño do primeiro, lle fixera uns comentarios moi cloxiosos acerca do traballo. No fondo sentíase afortunada, porque vivía no mesmo edificio que dúas persoas especiais e tremendalemente interesantes: Escritor e Crítico. O primeiro, como creador, como persoa excepcional que debía ser; o segundo como alguéun de enorme sabedoría e conversa inigualable. A verdade é que nunca tivera a sorte de tratar demasiado a ningún deles, pero ambas as dúas parecían persoas fascinantes, honradas e cunha sensibilidade fóra de serie. Iso xa se intuía só con escouitar as súas palabras. ¡E facíanlle pasar momentos tan excepcionais coa lectura!

# República infinita

Laura CAAVEIRO

A moza de indumentaria estrambótica sube a paso rápido a pendente da rúa. Cando chega ó alto da costa unha punzada oprímelle o peito. Ampea tan forte que necesita apoiarse nun muro inzado de grafitis mentres recupera o alento. Descansa só dous minutos porque non quere chegar tarde á cita.

Vencer á morte. Sempre quixo ter fillos.

Caña a vida como profesora de idiomas para nenos que ainda farfullan a lingua dos devaneiros hispanos que pasaron a fronteira.

Conxelar.

A súa afeción favorita é a cociña étnica. Expertísca en salsas vexetais de cores vivas. Expertísca en guacamole.

A técnica é simple en teoría.

Devece por rematar pronto a cita co doutor. E comezar unha nova etapa na súa vida, ser útil á humanidade.

Laboratorios clandestinos. Ano 2022.

Só unha ex-punki como ela, que habitou barracóns de cartón e uralita nos extrarradios dunha cidade inhumana podería chegar a ser unha pioniera.

A clonación dun bebé é o comezo. Axiña chegarase a unha réplica exacta, física e psicolóxica, dun home ou dunha muller adultos. Avanzará a ciencia ata acadar a clonación material e inmaterial dun humano. Primeiro clonarase o seu corpo, novo ou vello, perfecto ou imperfecto, e despois a súa alma, a súa personalidade, memoria, sabedoría, soños e sentimentos. Transferiranse almas clonadas a corpos clonados. Clonarase o presente e o pasado, e clonarase *ad vitam aeternam*.

E quizais só unha vexetariana absoluta - endexamais carne de ningún animal, nada de seres vivos, nem sequera ovos, nada que veña do

mar- pode chegar a ser membro dunha secta dun xeito tan destacado.

O comezo é partir dunha célula dun ser humano vivo ou morto recentemente, que se transferirá a un óvulo preparado para a clonación. Hai atrancos polo camiño: animais obtidos por clonación presentaron numerosas aberracións xenéticas. Unha célula que se multiplica demasiado de presa sofre fatalmente mutacións xenéticas perigosas.

Agora vive nun apartamento no segundo piso dun impresionante edificio propiedade da secta. Nunca máis volverá mirar os barracóns dos extrarradios, borrados dos seus pensamentos.

Un óvulo preparado para a clonación, só contén un só ADN, o do propietario da célula, unha pequena descarga eléctrica permite desencadeiar a programación xenética e o desenvolvemento celular. Obterase un embrión que se implanta no útero da nai portadora e nacerá un ser que é a copia exacta do seu «proxeitor».

Nova e de beleza atípica. Proveñente dunha sociedade agraria e relixiosa, dunha familia desmembrada. O perfil perfecto e querido.

No futuro transferirase o contido dun cerebro adulto a un ordenador, despois volverase a crear o corpo correspondente gracias a clonación, asociado a un proceso de crecemento celular acelerado, e finalmente recargarase o cerebro do clon coa memoria gardada no ordenador.

A predicción do tempo falaba de forte tormenta para aquela noite. Presaxía no vento que lle arremuiña a saia de tecidos superpostos. A moza apura outravolta o paso cando al-

bisca o portón de ferro do laboratorio, como se se tratase dun vulgar garaxe.

Cómpre non parar de experimentar para mellorar a técnica.

Coas mans tremelizantes pulsa o timbre. As pingas grosas baten con forza, e a descarga eléctrica dos raios comeza a caer sobre a cidade no momento en que a moza entra no laboratorio.

A clonación humana vai existir, fágase o que se faga para impedilo. Mientras non se legalice e se regule, haberá mercado negro e o tráfico clandestino de clones. Seguiremos ata o final e gracias á ciencia os seres humanos chegarán a ser eternos.

Un axudante do profeta recíbea en silencio e acena para que o siga por un labirinto que conduce ó santuario. O vello doutor, engurrado e consumido non se ergue do sillón ó mirala aparecer. A pregunta, pola contra, saíelle chea de pulo e autoridade.

- ¿Preparada?

- Sí.

Contesta sen voz ó doutor, cun brillo de emoción nos ollos como poucas veces na súa vida. Está lista para ser a nai portadora do futuro clone, fará avanzar a ciencia.

- Quita toda a roupa e tómbrate no diván.

Obedece. O profeta achégaselle e apálpaa. A moza pecha os ollos e sente noxo. Despois un pinchazo.

- ¿Doeu?

- Non - mira para os ollos de rato, para a cráneo calvo do doutor. Volve sentir noxo.

- Agora vas relaxarte. Todo irá ben.

Ela vai relaxándose, pasenxo. Pola súa cabeza pasan, pola contra a un ritmo vertiginoso, os graffitis do muro. O debuxo da serpe rampante de sete cabezas con sete ollos dentro dun triángulo en cada unha, as sete linguas vermelhas queimando o muro. A palabra liberdade escrita euriba de dous dos ollos da serpe, estragando o debuxo, como a frase escrita na parte baixa do muro: abolición da pena de morte. Envolvíanas as cores na vertixe, como se tivesen un imán: azul escuro o mar nesa tardíña, verde a serpe, vermellos o ceo e a ponte no solpor. O seu corazón batendo forte ó subir a pendente. Batendo cada vez más forte.

O doutor sorri satisfeito mentres comproba o pulso da rapaza, xa durmida de cheo. Prende un botón e o seu axudante non tarda máis de dous segundos en se presentar. Ían comenzar a segunda clonación de Eva, nacida no 2002.

Eva, non morrería nunca, o primeiro ser eterno, o primeiro clone clonado.

# O berro

Patricia SOUSA CARBALLO

O neno cego espertou de súpeto, e mentres pasaban eses segundos de confusión que separam a vixilia do sono apalpou a cara, como tentando asegurar que todo estivese no seu sitio. Ás presas, querendo que confirmasen as súas mans a normalidade, a falta de que o fixeran os seus ollos. Eses ollos que de tan pouco lle serviron cando escoitou o berro xordo da súa nai. Un berro xordo, uns ollos cegos. Unha casa tan chea de carencias que daba medo.

Quería erguerse da cama, pór os pés no chan e saír correndo ao auxilio da súa mamá. Rescatala dese monstro sen forma nin cor que lle arrancara a súa nai un son tan feo. Sabía que lle deron medo as cascudas, déronlle pánico as ratas, deulle medo saír moi tarde do traballo porque tiña que volver a pé soa para a casa e a esas horas a cidade era un niño de ratas e cascudas, todo xunto.

Coñecía os seus medos e con eles os seus berros: o berro que nin sequera chegaba a selo cando a súa nai cortaba a xema dun dedo mentres pelaba patacas; os berros que inundaron a sala, a casa, as rúas, a cidade, cando o seu pai os abandonou; os berros cotiáns que acompañaban os xoguetes ciscados polo chan... tantos berros.

Mais ese non; ese era diferente a todos eles. Qué tipo do temor lle arrebatou este último. Qué cousa podía pasar, e qué cousa podía facer él, cos seus sete anos e cos seus ollos de toupa.

Debía vencer os seus propios medos e acudir no auxilio da súa nai... debía facer de príncipe azul, de super heroe, de home da casa... de pai.

Entón lembrou que deixara a súa espada de Hércules na casa dos seus primos pola tar-

de... Lamentouse. Escoitou outro berro, más sonoro, más entrecortado e aterrador á vez. Non podía seguir divagando baixo a protección das sabas, tan a salvo, mentres a súa nai... quén sabe qué podía estar ocurrido a esas horas da madrugada. O neno deitárase antes de que ela regresase: Este era uns dos moitos días en que a súa nai chegaba pasada a media noite.

Tal vez alguén a viñera seguindo e agardara a tela tan preto para atacala. Ao mellor un ladrón meteuse na casa mentres el durmía e a súa nai pillouno coás mans na masa. Ou quizais algo peor. Acaso o seu pai... quizais... Non o puido soportar máis, comezou a suar como se na vez de acordar do sono, entrase no pesadelo. Baixou da cama, os seus pés aterraron no frío chan e sentiu o desamparo da noite, da ausencia, da soildade. Sentiuse tan pequeno e indefenso, tan asustado...

Palpaba as paredes de papel pintado coa seguridad que produce o fogar. Non o precisaba ver --non se poden precisar as cousas que non se coñecen-. Tiña conciencia de onde era cada cousa, a distancia precisa que existía entre o aparador e o moble do teléfono, entre o moble do teléfono e maila porta do baño. Todo no seu sitio.

Na escuridade algo interrompeu o seu paso decidido. Fixolle tropezar mais non caer. Era un zapato da súa nai. Non pouco extraño resultoulle a presencia deste na metade do corredor. Ela intentáballle inculcar a diario o hábito da orde, polo seu deber de nai e polo necesario deste na casa dun invidente.

Torcera o nocello e quería chorar, mais non permitía, o bo heroe é valente e silencioso. Os heroes non choran.

Con este pensamento na cabeza chegou á porta do cuarto. Escoitou ruidos de forceixos, sons primitivos e animais.

Abriu dun só movemento a porta do dormitorio. Ulía diferente. A súa nai utilizaba un recendo forte e doce, un arrecendo que tomáran como de seúras flores pintadas no papel das paredes. Mais ese olor non seguía ali. Desaparecera xunto coa seguridade e maila orde. Ulía diferente. Ulía a tensión, a impaciencia ... «Mamá» - dixo - .

Rompeu o baleiro a voz dun home que bañaba contra el e sentiu vontade de o buscar ás atouxiñadas e mordelo, de arrabuñalo coas súas pequenas unllas ... O son saía da cama.

Mais a súa nai, alterada, co mesmo ton de voz co que despediu, tamén a berros ao seu pai meses antes, mandoulle sair e volver á súa cama.

Mentres fechaba a porta escoitou como ela dixo ao home mao e descoñecido que non se preocupase e seguise. Agora non lle importou chorar, porque soubo que non era un heroe, que non tiña que selo.

Sen necesidade de tocalas paredes volvے á súa cama. Acochouse baixo os lenzos máis asustado e indefenso que cando saíun delas.

(Tradución da autora e Miguel Louzao Outeiro).